

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA QUE CELEBROU A XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 27/06/2017, EN 1ª CONVOCATORIA.

ASISTENTES

ALCALDE

José Marcote Suárez

TTES. DE ALCALDE

Xan Carlos Sar Oliveira
Soledad Vilela Romero
Teresa Fernández Martínez

SECRETARIO

José Ramón Lema Fuentes

ASUNTOS

- 1º.- Aprobación, se procede, borrador acta da sesión anterior.-**
- 2º.- Actos edificación e uso do Solo.-**
- 3º.- Asuntos varios.-**

Na vila e Termo municipal de Fisterra, Partido Xudicial de Corcubión ás **20:30** horas do día **12/06/2017** reúnense no salón da Alcaldía, ós Sres. e Sras. que arriba se expresan, ós fins de celebrar a **sesión extraordinaria** da **Xunta de Goberno Local** en primeira convocatoria.

- 1º.- Aprobación, se procede, borrador acta sesión anterior.-**

Sometida a votación a do día 12 de Xuño de 2017 é aprobada por unanimidade dos asistentes.--

- 2º.- Actos edificación e uso do Solo.-**

OBRAS MAIORES

A) Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, logo de ver o informe favorable emitido por parte do Arquitecto que presta servizos urbanísticos dentro desta Corporación e demais antecedentes obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder Licenza Urbanística :

A JOSÉ MANUEL CALO INSUA, para proceder á construción dun almacén de utensilios agrícolas a emprazar na localidade de Castrexe deste Termo Municipal (Referencia Catastral 15038A503002880000DI) toda vez que consta informe favorable emitido pola Consellería do Medio Rural, debendo axustarse na súa totalidade ó Proxecto Básico redactado polo Arquitecto Técnico Basilio Canosa Díaz de data Abril 2017 que consta no expediente; condicionada a que :

-- Deberá facer constar no Rexistro da Propiedade a vinculación da superficie esixible á construción e ao uso autorizado, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións á edificabilidade impostas polo título habilitante de natureza urbanística.

-- O inicio deberá comunicarse ao Concello e que en todo caso terá lugar no prazo de seis meses desde a data de outorgamento da presente Licenza xa que o seu incumprimento determinará expediente de declaración de caducidade segundo o Artigo 145 da Lei 2/2016 do 10 de Febreiro do Solo de Galicia.-

-- Unha vez rematadas as obras será necesario a presentación do certificado final de obra visado no que conste que as obras están completamente rematadas co fin de acadar a licenza de primeira utilización da edificación.

En aplicación do artigo 24 da Ordenanza reguladora vixente dos procedementos de intervención administrativa nos actos do uso do solo, subsolo e no exercicio de actividades e apertura de establecementos do Concello de Fisterra disporase a pé da obra un cartel indicador que se sexa visible dende vial público, coas dimensións de 110 cm de ancho por 80 cm de alto e co seguinte contido:

- o **EXPEDIENTE : 9 / 2017**
- o **DATA CONCESIÓN DA LICENZA : 27/06/2017**
- o **ORDENANZA DE APLICACIÓN : Solo rústico de protección agropecuaria.**
- o **PROMOTOR: José Manuel Calo Insua**
- o **CONSTRUTOR : -----**
- o **DIRECTOR DE OBRA : Basilio Canosa Díaz, Colexiado número 2.572**
- o **NÚMERO DE PRANTAS AUTORIZADAS : Unha (1)**
- o **USO : Almacén agrícola.**
- o **PRAZO MÁXIMO DE EXECUCIÓN : Tres anos dende á data de concesión da licenza.**

Dito Cartel será cun taboleiro hidrófugo, fondo branco e texto negro visible.

O prazo de iniciación de obras non poderá exceder de seis meses contados a partir do día seguinte ó da notificación deste acordo, o de terminación de tres anos, non podendo interromperse por un prazo superior ó de seis meses.

Así mesmo, deberá ingresar nas arcas municipais a cantidade de Douscentos cincuenta e sete euros con trinta céntimos (257,30 €) en concepto do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras resultante da liquidación practicada polo Departamento de Urbanismo desta Corporación en base á aplicación do previsto na Ordenanza fiscal reguladora, Tipo 2,2% sobre o Presuposto de execución material de 11.695,32 €.

B) Visto o informe emitido por parte da Arquitecta que presta servizos dentro desta Corporación con data 21/06/2017 en relación coa licenza urbanística concedida o 25/05/2017 a nome da promotora MARÍA JOSEFA RIVAS DOMÍNGUEZ,

Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda:

1) Aprobar o Proxecto de Execución presentado pola Promotora para proceder á Construción dunha Vivenda Unifamiliar a emprazar nunha parcela con Referencia Catastral 8607416MH7580N0001KT ,redactado polo Arquitecto Pablo Santiberi Aguado con visado de data 31 de Maio de 2017, que consta no expediente e ó cal deberá axustarse plenamente; todo isto por cumprir con tódalas condicións impostas na Licenza outorgada.-

2) Notificar este acordo á promotora para o seu coñecemento e demais efectos cos recursos legalmente establecidos.-

C) Visto o informe emitido por parte da Arquitecta que presta servizos dentro desta Corporación con data 21/06/2017 en relación coa licenza urbanística concedida o 26/01/2017 a nome do promotor JUAN MIGUEL TRABA FERNÁNDEZ,

Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda:

1) Aprobar o Proxecto de Execución presentado polo Promotor para proceder á Construción dunha Vivenda Unifamiliar de Planta Baixa e Planta Primeira a emprazar nunha parcela con Referencia Catastral 8206109MH7580N0001BT, redactado polo Arquitecto Xoán B. Alborés Tajés, con visado de data 16 de Febreiro de 2017, que consta no expediente e ó cal deberá axustarse plenamente; todo isto por ter presentado o Anexo de Obra Urbanizadora de data Xuño/2017, que forma parte do proxecto en cuestión e cumprir con tódalas condicións impostas na citada Licenza.-

2) Notificar este acordo ó promotor para o seu coñecemento e demais efectos cos recursos legalmente establecidos.-

COMUNICACIONES PREVIAS DE OBRAS

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de **JUAN FRANCISCO BOULLOSA MARCOTE**, deste Termo Municipal (Rexistro de Entrada 1.745 de 9/06/2017) para proceder á realización de obras consistentes na substitución das fiestras actuais por outras novas de pvc brancas, na fachada lateral dun baixo cara á Rúa Pasadoiros desta Vila (Referencia Catastral 8705209MH7580N0002EY),

Resultando que o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 22 de Xuño de 2017, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de **JESÚS LOUZÁN SUÁREZ**, (Rexistro de Entrada 2.981 de 20/09/2016) para proceder á realización de obras consistentes no pintado da fachada e substitución dunha fiestra existente por outra nova de pvc nun garaxe, mediante ocupación da vía pública con andamios nunha superfie 8 metros (8) (Referencia Catastral 0745606MH8504N0001RU),

Resultando que o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 22 de Xuño de 2017, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de **AGUSTÍN ESTÉVEZ PAPÍN**, (Rexistro de Entrada 1.736 de 9/06/2017) para proceder á

realización de obras consistentes en levantar 50 centímetros un muro existente con bloques pintado en cor branca, ata chegar a unha altura de 1,50 metros e lonxitude 6 metros na parte traseira dunha vivenda (Referencia Catastral 8309111MH7580N0001KT),

Resultando que o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 22 de Xuño de 2017, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de MARÍA EVA BUITURÓN IGLESIAS, (Rexistro de Entrada 1.642 de 5/06/2017) para proceder á realización de obras consistentes na substitución da cuberta con colocación de novo fibrocemento e tella do país nunha vivenda (Referencia Catastral 8406461MH7580N0001MT),

Resultando que o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 22 de Xuño de 2017, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de MANUELA TRABA LORENZO, (Rexistro de Entrada 1.817 de 19/06/2017) para proceder á realización de obras consistentes na substitución de dúas fiestras nunha vivenda (Referencia Catastral 8706105MH7580N0001DT),

Resultando que o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 22 de Xuño de 2017, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade

co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

3º.- Asuntos varios.-

Expediente contratación Obras Plan Acción Social 2015.-

Visto o oficio de data 17 de Abril de 2017 procedente da Excma Diputación Provincial sobre a aprobación do Prego de Prescripcions técnicas modificado da Subministración " Mellora da Iluminación no Camiño da Insua " incluída na 3ª Fase do Plan de Acción Social (PAS) a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda :

1) Iniciar expediente para a contratación da citada Subministración por un importe de Corenta e cinco mil cincocentos sesenta e dous euros con trinta e seis céntimos (45.562,36 €) incluído o Imposto sobre o Valor Engadido en base ó modelo de prego de Cláusulas administrativas aprobado polo citado Organismo Provincial que consta na Secretaria da Corporación.-

2) Publíquese Anuncio para a licitación no periódico " Diario de Bergantiños" para que por parte dos interesados poidan presentar a documentación prevista no Prego dentro do prazo de oito días naturais (8) contados a partir do día seguinte ó da súa publicación no mesmo.-

MESA DE CONTRATACION

De conformidade co disposto no Artigo 320 e Disposición Adicional Segunda do Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de Novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público,

A Xunta de Goberno local por unanimidade dos asistentes acorda designar de maneira permanente como compoñentes da Mesa de Contratación para asistencia a este órgano de contratación coa finalidade de adxudicación de Subministros incluídos en procedementos abertos e negociados aos seguintes :

Presidente	Alexandre Domínguez Lado
Vogais	Secretario - Interventor
Secretario	Arquitecto/a do Departamento de Urbanismo O da Corporacion ou funcionario en quen delegue

E non tendo máis asuntos de que tratar o Alcalde-Presidente **remata a sesión, ás 21:00 horas** do día de hoxe, de todo o que como secretario , dou fe.